

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados e deputadas Alberto Núñez Feijoo, Ignacio López-Chaves Castro, Manuela López Besteiro, Angel Bernardo Tahoces e María Amparo González Méndez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno.

Exposición de Motivos

O artigo 1º da Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia din que "A bandeira o escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica". O artigo 5 da mesma lei sinala que "A bandeira de Galicia utilizarase, xuntamente coa de España, en tódolos edificios públicos do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, e nos actos oficiais que nela se celebren".

A pesar da claridade desta disposición legal e do necesario respecto que se deben a os símbolos de Galicia e de España, que debería ser maior cando se trata de persoas que ostentan cargos públicos, nos dous anos do actual goberno da Xunta de Galicia foron varias as ocasións nas que non foi cumprida a Lei. Ao largo da lexislatura, tanto nas tomas de posesión dos altos cargos do Goberno como en boa parte dos despachos oficiais non se está a cumprir coa Lei de Símbolos de Galicia.

En especial a Consellería de Cultura e Deporte parece asumir unha vontade activa de non querer cumprir a lei e desprazar a bandeira de Galicia e a de España dos actos oficiais organizados por dita Consellería. Esta comportamento xa ven dende o inicio desta lexislatura xa que a propia Conselleira de Cultura recoñece que en actos oficiais da súa Consellería non estaba a bandeira de España porque había sido retirada e recoñece que tiña coñecemento de eses feitos. Sorprende que una Conselleira do Goberno de Galicia non só incumpra as Leis senón que se vanglorie disto.

Este ilegal comportamento volveu a reiterarse o pasado mes de xuño cando foron inauguradas as instalacións da pista de piragüismo de O Pontillón do Castro en Pontevedra, coa asistencia de Conselleira de Cultura e Deportes e representantes do Consejo Superior de Deportes. Ao finalizar o percorrido polas instalacións existía unha tarima dende a cal as autoridades ían a falar. Nesa tarima e de maneira irregular non estaba a bandeira de España e con posterioridade foi retirada, tamén de xeito ilegal, a bandeira de Galicia

Estas actuacións son mostra dunha falla de respecto democrático as bandeiras de Galicia e a de España. Supón ademais un incumprimento das leis, cando a Administración e os seus representantes políticos deben non só cumprila senón tamén dar exemplo a todos. O Presidente da Xunta de Galicia debe garantir que as leis son para cumprir, incluso polos Conselleiros e Conselleiras, que a bandeira de Galicia e a bandeira de España son símbolos de todos e que os cargos políticos son os primeiros en cumprir e facer cumprir a lei.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular fai a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno

“O Parlamento insta a la Xunta de Galicia para que:

1º.- Que todo o Goberno da Xunta de Galicia cumpra a Lei de Símbolos de Galicia.

2º.- Que en tódalas dependencias da Administración Autonómica, e en todos os actos oficias da Xunta de Galicia se cumpra a Lei de Símbolos de Galicia”.

Parlamento de Galicia 31 de xullo de 2007

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feixóo na data 24/08/2007 11:55:35

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/08/2007 11:55:47

Manuela López Besteiro na data 24/08/2007 11:55:57

Ángel Bernardo Tahoces na data 24/08/2007 11:56:07